



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE CATRO (4) TÉCNICOS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO. -

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS. -

No Salón de Comisións do Concello de Friol, ás dez horas do vinte e seis de febreiro de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia de don Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario-Interventor do concello de Begonte, reúnese o Tribunal encargado do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral temporal de catro técnicos do Programa Integrado de Emprego A-ctivate 2, a desenvolver nos municipios de Friol, Rábade, Outeiro de Rei e Begonte, ao abeiro do disposto na orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 11 de xullo de 2017 (D.O.G núm. 137 de 19 de xullo). Segundo o convenio de colaboración asinado, corresponde ao Concello de Friol a realización das actuacións administrativas en relación coa axuda solicitada e concedida.

O proceso de selección realizouse de conformidade coas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía, publicadas no B.O.P. núm. 13 de 17 de xaneiro. En cumprimento das bases da convocatoria, pola Alcaldía, coa data 1 de febreiro, ditouse resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, así como a designación do tribunal cualificador e data, hora e lugar no que se realizará o primeiro exercicio da fase de oposición. A Resolución publicouse na web e o taboleiro de anuncios do concello, concedendo un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para a emenda de posibles deficiencias. Coa data 8 de febreiro, polo Sr. Alcalde ditouse resolución pola que se eleva a definitiva a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, resolución que se publicou na web e o taboleiro de anuncios do concello.

O Tribunal, constituíuse coa data quince de febreiro, polas persoas que a continuación se relacionan, que de conformidade coa resolución da Alcaldía de 1 de febreiro.

Presidente:

Don Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario do concello de Begonte.

Vogais:

Don José María Vázquez Pita, Secretario do Concello de Outeiro de Rei.

Don José Ángel Balseiro Amido, Secretario do Concello de Rábade.

Don Francisco Quinzá-Torroja García, técnico do Servizo de Promoción e Orientación Laboral.

Secretario.- don Julio González Casanova, Secretario do Concello de Friol.

Asisten ao presente acto os titulares do mesmo. Don Francisco Quinzá-Torroja García, incorpórase ao acto ás dez horas e coarenta e cinco minutos. Redacta a presente acta como Secretario do Tribunal, don Julio González Casanova.

Unha vez realizado o exercicio de carácter obligatorio e eliminatorio da fase de oposición, o pasado 15 de febreiro, seguidamente procedeuse á corrección e cualificación do exame. De conformidade co disposto nas bases da convocatoria, superaron a proba aqueles opositores que obtiveron unha puntuación maior a dez puntos. Nas bases está previsto que os que superaron a puntuación mínima e non obtiveran en posesión da titulación de Celga 4 ou equivalente, tiveran que facer nun segundo exame consistente na traducción dun texto en orde a acreditar estar en posesión do nivel de coñecemento da Lingua Galega. Polo órgano de selección comprobouse que todos os que superaron o exercicio, están en posesión do Celga 4.

Unha vez que se procedeu a a valorar os méritos aportados na fase de concurso, de conformidade coas bases, sumada a fase de concurso ca puntuación obtida na fase de oposición, obtéñense os seguintes resultados:

Apelidos e Nome	Puntuación de Exame	Servizos Prestados	Formación	Puntuación Total
Moirón Cacharrón Estefanía	17,00 Ptos.	3,60	2,20	22,80 Ptos.
Díaz Felpeto Ana	15,00 Ptos.	4,50	3,00	22,50 Ptos.
Fernández Núñez Verónica	17,00 Ptos.	1,85	2,00	20,85 Ptos.
Corral Rodríguez María	12,00 Ptos.	4,50	3,00	19,50 Ptos.
Serrano Hernández Rafael	13,00 Ptos.	4,50	1,70	19,20 Ptos.
Carreira Iglesias Susana	14,00 Ptos.	1,40	2,60	18,00 Ptos.
Otero Fernández Victoria Eugenia	13,00 Ptos.	4,50	0,40	17,90 Ptos.
García García María José	11,00 Ptos.	2,50	2,70	16,20 Ptos.
Deibe Suárez Iria	16,00 Ptos.	0,00	0,00	16,00 Ptos.
Vázquez Chousal Guadalupe	11,00 Ptos.	0,00	3,00	14,00 Ptos.

Á vista do actuado e do orde de preferencia manifestado polos opositores, polo órgano de selección propúxose a contratación de:

- Dona Estefanía Moirón Cacharrón para o Concello de Outeiro de Rei.
- Dona Ana Díaz Felpeto para o Concello de Begonte,
- Dona Verónica Fernández Núñez para o Concello de Rábade.
- Dona María Corral Rodríguez para o Concello de Friol.

Para o caso de que se produzan renuncias das seleccionadas, con anterioridade ou con posterioridade da realización dos contratos de traballo ou con posibles baixas ou enfermidade, procederase á cobertura das mesmas pola orde de puntuación.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

De conformidade co previsto nas bases da convocatoria, insertouse anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es), xunto coas puntuacións e a proposta do órgano de selección. Por acordo do órgano de selección, unha vez que se procedeu á publicación das cualificacións definitivas obtidas polos/as aspirantes, coa suma da fase de oposición e de concurso, estes/as disporán dun prazo de tres días hábiles, para que poidan realizar as alegacións ou reclamacións pertinentes. Una vez transcorrido o prazo e ao que resulte do mesmo, á vista das puntuacións obtidas, elevarase o traslado ao Sr. Alcalde - Presidente que aprobará a relación de candidatos por orde de puntuación.

Coa data 19 de febreiro, don Rafael Serrano Hernández, preséntase escrito, solicitando se inclúan como méritos en baremación os títulos de duración de 700 horas e 400 horas respectivamente para a súa puntuación dos postos técnicos do Programa A-ctivate 2. Os cursos aos que se refire, segundo se detalla no escrito, son os que se transcriben:

-Universidade do Ulster que se acredite co título de formación oficial Diploma of Higher Education on Internacional Business Communication, no que se acreditan 400 créditos (1 crédito-10 horas), equivalentes a 400 horas de formación en materias de cometido empresarial en una institución educativa oficial europea reconocida por la Universidade de Coleraine.

-Executive MBA, impartido pola Escola de Negocios Caixanova (agora Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa, IESIDE, de duración de 700 horas que considera formación complementaria o titulación académica acorde co posto de técnico de emprego obxecto de selección de este concurso-oposición.

Di que ambos títulos de formación foron acreditados como tales pola Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), como se acredita no curriculum vitae que se achegou á instancia.

Coa data 20 de febreiro, como continuación da instancia presentada o día anterior, en relación coa non consideración como méritos formativos, presenta novo escrito, no que pon de manifesto:

- En relación á consideración como formación impartida por un organismo oficial do título Executive MBA de 700 horas impartido polo Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa, tal como se especifica nas bases da convocatoria, pon de manifesto que o IESIDE forma parte da Fundación Galicia, Obra Social, achegando copia dos seus estatutos. Di que é unha institución adscrita á Universidade de Vigo pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dende 2009 e herdeira da Escola de Negocios da extinta Caixa de Aforros de Vigo que financiaba coa súa obra social. Engade que a Fundación Galicia Obra Social, na que se insire o mesmo, é unha organización sen ánimo de lucro

inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego adscrito á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, detallando seguidamente a composición do patronato do mesmo. Conclúe dicindo que a fundación regúlase pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2016 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, polo Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro, polo que se aproba a lexislación ro Rexistro de Interese Galego e polas disposicións aplicables da Lei 50/2002 de decembro de fundacións.

Polos motivos expostos, solicita se reconsiderere a valoración desta formación como válida no cómputo de méritos na fase de concurso da provisión de catro postos técnicos do Programa A-ctivate 2.

Á vista dos escritos presentados por don Rafael Serrano Hernández, no prazo concedido para elo, polo órgano de selección, despois do estudio da documentación presentada e das deliberacións ao respecto, fanse as seguintes consideracións:

-No que se refire ao título da Universidade do Ulster que se acredite co título de formación oficial Diploma of Higher Education on Internacional Business Communication, no que se acreditan 400 créditos, considérase que a formación recibida está integrada dentro do programa de mobilidade Erasmus, no que se cursan algunhas materias fora, que despois convalida a Universidade de procedencia, polo que o título do máster sería non da universidade de destino, senón da de procedencia. Polo tanto considérase que estes créditos, integráanse na titulación universitaria presentada como requisito para participar no procedemento.

- No que se refire a Executive MBA, impartido pola Escola de Negocios Caixanova (agora Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa, IESIDE, de duración de 700 horas, as bases da convocatoria, no punto referido a cursos de formación, dise textualmente " cursos ou actividades de formación directamente relacionadas coas funcións e tarefas do posto, en calidade de alumnado ou docente, impartidas por organismos oficiais". A documentación presentada refírese á impartición de un máster por unha fundación de carácter privado, polo tanto non é un organismo oficial. Elo con independencia da súa vinculación coa universidade pública. A maior abundamento, non se acredita que estea validada pola ANEC- Axencia Nacional de Calidade e Acreditación, entidade dependente do Ministerio de Educación.

Polo tanto, á vista do anteriormente exposto o órgano de selección por unanimidade **ACORDA:**

-Rexeitar as alegacións presentadas en relación coa súa puntuación, de conformidade coas razóns expostas con anterioridade.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

-Confirmar a puntuación outorgada con anterioridade a don Rafael Serrano Hernández, así como a propostas de contratación realizada, á vista do actuado e do orde de preferencia manifestado polos opositores :

- Dona Estefanía Moirón Cacharrón para o Concello de Outeiro de Rei.
- Dona Ana Díaz Felpeto para o Concello de Begonte,
- Dona Verónica Fernández Núñez para o Concello de Rábade.
- Dona María Corral Rodríguez para o Concello de Friol.

Para o caso de que se produzan renuncias das seleccionadas, con anterioridade ou con posterioridade da realización dos contratos de traballo ou con posibles baixas ou enfermidade, procederáse á cobertura das mesmas pola orde de puntuación co fin de tratar de asegurar a cobertura dos postos.

- Elevarase a proposta Sr. Alcalde - Presidente que, de conformidade coas bases aprobará a relación de candidatos por orde de puntuación, debendo os/as aspirantes propostos/as a documentación pertinente en orde á formalización dos contratos.

-De conformidade co disposto no art. 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, tendo os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calesquera outros que, no seno de éstas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano que nomeou o mesmo. Polo tanto poderase interpor recurso de alzada no prazo de un mes, que poderá interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou o competente para resolvelo. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do mesmo o de tres meses. Contra a resolución dun recurso de alzada non se poderá interpor outro recurso administrativo, salvo o extraordinario de revisión, nos casos establecidos na lei. Todo elo, sen prexuízo recurso contencioso administrativo, de conformidade co disposto na lexislación reguladora (Lei 29/1998 de 13 de xullo).

-De conformidade co previsto nas bases da convocatoria, insertarase anuncio no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es),

E non sendo outro o obxecto deste acto dáse por rematado o mesmo, do que se redacta a presente acta en triplicado exemplar, que subscriben os membros do tribunal, sendo as once horas e quince minutos da data anteriormente indicada, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

